




# PLAN DE CONTINXENCIA

## VERSIÓN II



Debuxo: Andrés Paz Lobeira



## Curso 2020-2021

### Índice:

1. Introducción.....	1
2. Plataformas dixitais utilizadas no centro.....	
3. Organización do centro.....	
4. Plan de acollida.....	
5. Formación do profesorado.....	
6. Avaliación.....	
ANEXO I	



## INTRODUCCIÓN

Dende que o pasado 14 de marzo se declarara oficialmente o estado de alarma no territorio español (Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo) a comunidade educativa non poido permanecer pasiva ante a transformación repentina do contexto educativo. Os diferentes equipos docentes tiveron que adaptarse nun tempo récord ás demandas do novo formato educativo no que, entre outras actividades, as tradicionais clases presenciais, as interaccións de aula, os traballos en grupo ou as titorías tiveron que replantearse.

As novas tecnoloxías e os medios de comunicación serviron, por exemplo, para que o alumnado e o profesorado intercambiaran material didáctico en diferentes formatos, interactuaran en aulas virtuais e para que se mantivera un seguimento ou avaliación das diferentes actividades. Este novo formato no proceso de ensino-aprendizaxe é o que teremos que potenciar e mellorar neste curso escolar para poder estar preparados ante os tres posibles escenarios: presencial; semi-presencial ou confinamento.

Tal e como se establece nas “*Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo consello interterritorial do sistema nacional de saúde pública (D.O.G No 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020 / 2021*”, os centros deben dispoñer dun **plan de continxencia** para as circunstancias que poidan darse como consecuencia da COVID-19.

## 1. PLATAFORMAS DIXITAIS

O IES *Illa de Ons* dispón de dúas plataformas corporativas a través das cales se canalizará o ensino a distancia:

- E-DIXGAL.
- AULA VIRTUAL (MOODLE).

A plataforma dixital *E-Dixgal* será o eixo da organización didáctica nos niveis de 1º e 2º ESO, mentres que a *Aula Virtual* será a plataforma de referencia para os niveis de 3º e 4º ESO.

### FORMACIÓN DO ALUMNADO.

#### 1.1.1. INICIO DE CURSO: FAMILIARIZACIÓN COAS FERRAMENTAS DIXITAIS E DETECCIÓN DE CARENCIAS.

Como primeira medida de preparación de cara a un eventual cambio ao escenario 2 (semipresencial) ou 3 (ensino telemático), acórdase dedicar as primeiras semanas de curso á formación no uso das plataformas dixitais, de xeito que o profesorado poida detectar posibles carencias na utilización das



mesmas. Así, durante as primeiras sesións deste curso pediranse tarefas de diversa índole co obxectivo de proporcionar ao alumando ferramentas que lles axuden a seguir o curso a distancia en caso de darse esa circunstancia. As tarefas incluirán o envío de documentos adxuntos, o manexo do correo electrónico, o uso de documentos compartidos para levar a cabo proxectos e traballos de grupo de carácter cooperativo, etc.

#### 1.1.2. USO DAS FERRAMENTAS DIXITAIS AO LONGO DO CURSO.

Independentemente do escenario no que se estea traballando, o uso das ferramentas dixitais e das plataformas educativas fomentárase de xeito continuado ao longo do curso co obxectivo de incorporar definitivamente a tecnoloxía dixital ao ensino. Deste xeito, de producirse o cambio a calquera dos escenarios, sería máis doado para o alumnado.

### 1.1 FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Para mellorar o manexo das plataformas por parte do profesorado, fomentárase a continuación da formación no uso das ferramentas dixitais a través dos cursos ofertados para o persoal docente. O profesorado fará un curso de formación a través do CFR (centro de formación do profesorado) tanto para o manexo da *aula virtual* como para *Edixgal*.

## 2. MATERIAL DO QUE DISPÓN O ALUMNADO

### 2.1-1º e 2º ESO.

En 1º e 2º ESO o centro está dotado de portátiles a través do programa *E-Dixgal*. Deste xeito, todo o alumnado dispón dun ordenador persoal que pode levar ao seu domicilio e que utilizará tamén durante as sesións de clase. Ao inicio de curso, farase entrega dun documento co número de portátil asignado a cada alumno ou alumna. Este documento será asinado polos proxenitores ou titores legais e funcionará como un contrato a través do cal se establece a doazón temporal deste recurso e un compromiso de uso axeitado por parte das familias.

### 2.2-3º E 4º ESO.

Nos niveis de 3º e 4º ESO o centro carece de ordenadores portátiles. Os únicos recursos dos que dispón son:

- 23 iPads de uso compartido (hai que reservalos se se queren utilizar na aula).
- Aula de informática.

Compre salientar as limitacións excepcionais engadidas debido ás circunstancias da Covid-19. De feito, a prohibición de compartir o material e a necesidade de desinfectar aquel de uso común, fai máis difícil o uso destes recursos. No caso da aula de informática, engádese o problema da distancia interpersoal de 1.5 metros, que limita a 12 o número de persoas que poden utilizar os ordenadores dunha sesión. En todo caso, estes recursos utilizaranse sempre que sexa preciso coas debidas normas de uso e



hixiene, e non se descarta o empréstito de *tablets* se non se consegue por outra vía dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para seguir o curso a distancia.

Para coñecer as circunstancias persoais do alumnado e poder subministrar o material preciso (ordenadores, tablets, tarxetas con datos...) na medida do posible, ou polo menos ter en conta estas circunstancias e buscar alternativas, durante a reunión dos titores coas familias que tivo lugar ao inicio do curso, entregáronse enquisas nas que se recollen os datos a este respecto. A procura de recursos e solucións estará baseada nesta enquisa, da que a continuación adxuntamos unha copia (Anexo I).

### 3. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

No presente Plan de Continxencia recóllense as actuacións a realizar e os mecanismos de coordinación necesarios para os escenarios que poidan darse. Ademais tamén contempla os diversos escenarios para os que debemos estar preparados : presencialidade; semi-presencialidade e confinamento. Cada escenario inclúe unhas instrucións que se resumen a continuación.

#### **Escenario 1: Presencialidade**

O ensino presencial desenvolverase no horario semanal habitual para todo o alumnado.

Ademais contemplaranse as seguintes medidas:

- Profesorado e alumnado levarán mascarilla
- Separación nas aulas (1,5 metros de distancia)
- Creación de dous accesos para regular as entradas e saídas.
- Creación de dous espazos para o recreo.
- Uso de espazos grandes (salón de actos ; aula de plástica etc...) para facilitar a presencialidade dos grupos máis numerosos.
- Marcaxe dos pupitres habilitados en todas as aulas.
- Redución dos movementos de cambio de aula.
- Ventilación das aulas un mínimo de 3 veces ó día.
- Medidas especiais de hixiene: xeles hidroalcolicos en todas as aulas e reforzo da limpeza nas aulas e zonas comúns.

#### **Escenario 2 : Semi-Presencialidade**

Adoptaranse medidas organizativas que garantan a atención ó alumnado e estableceranse as canles necesarias (Edixgal, Aula Virtual etc...) para poder poñer en marcha a impartición dos contidos de forma telemática.

#### **Escenario 3: Confinamento**

De maneira xeral, o persoal do centro e o alumnado terán que pasarse ó



teletraballo. Unha das prioridades que todo o profesorado levará a cabo nas primeiras semanas de curso é formar ao alumnado no uso de Edixgal en 1º e 2º de ESO e no uso das plataformas virtuais corporativas en 3º e 4º de ESO (principalmente a aula virtual). Isto ten como finalidade preparar ó alumnado en caso de suspensión da actividade presencial.

Por este motivo na CCP do 23 de setembro acordouse que o profesorado priorizaría (na súa dinámica de clase) a creación de “pílulas” de información básica:

- Como mandar un mail?
- Como adxuntar un arquivo nun correo?
- Como facer un portfolio dixital?
- Como cambio os formatos de entrega nos traballos?
- Como incentivar as boas prácticas para a clase na rede.

Cómpre destacar que dende o equipo directivo farase unha proposta de horario ós /ás profesores e grupos para que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se centre nas aprendizaxes fundamentais de cada materia. A proposta de “*horario espello*” terá que ser aprobada pola inspección educativa e cando sexa o momento será trasladada ás familias e ó alumnado. Dito horario terá que respetarse, xa que están establecidas unha serie de normas e sancións no NOF (normas de organización e funcionamento do noso instituto).

Ademáis, o alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) será atendido e supervisado pola orientadora e o profesor de pedagogía terapéutica do noso centro educativo dado que polas súas características persoais ou dificultades de aprendizaxe, este alumnado require dunha atención diferenciada á hora de planificar o traballo con eles.

#### **4. Plan de acollida**

O punto c) do plan de acollida recolle o seguinte: “accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial”. Como xa fixemos constar neste documento, todo o alumnado será formado no uso das plataformas dixitais coas que traballaremos: Edixgal e Aula Virtual. Nas primeiras semanas do curso priorizarase o uso e manexo destas ferramentas sobre o desenvolvemento dos contidos propiamente ditos. Cómpre destacar que se usarán estas ferramentas ó longo do curso e aconséllase que o profesorado “colgue” os recursos que usa na clase de forma continuada.

#### **5. Formación do profesorado**



Debido á posibilidade de atoparnos nunha modalidade de ensino semipresencial ou non presencial, que nos obrigaría a empregar unha metodoloxía asociada á utilización de medios telemáticos, propónse ao claustro a posibilidade de formación en:

- EVA – Edixgal
- Aula virtual

## 6. Avaliación

Seguindo as instrucións do 30 de xullo, os departamentos deseñarán unha avaliación inicial na primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as e decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

As programacións didácticas, como se indica nas mesmas instrucións do 30 de xullo, recollerán os procedementos e instrumentos de avaliación deseñados de forma que permitan determinar o nivel competencial acadado polo alumnado, sempre adecuándose as modalidades de ensino presencial e non presencial. Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.



## ANEXO I

### APARTADO PARA A FAMILIA

É preciso que contestedes ás preguntas seguintes para que coñezamos a situación do seu fillo /a en caso de que teñamos que recorrer a unha actividade non-presencial.

#### ACCESO A INTERNET: tipo de conexión e dispositivos

**1. Como é o acceso a internet na súa casa?**

- conexión ADSL
- conexión FIBRA

**2. De que medios dispón o/a alumno/a na casa?**

- ordenador propio
- ordenador de uso compartido
- tableta
- teléfono móbil

**3. Coñece estes recursos ?**

**EDIXGAL**  
(...@iesillaons.com)

- SI
- NON

**Abalar Móbil**

- SI
- NON

**Correo corporativo do seu fillo/a**

- SI
- NON

**CLASSROOM**

- SI
- NON

**4. Sabe como activar o “control parental” ?**

- SI
- NON

#### USOS PROBLEMÁTICOS OU ABUSIVOS

**5. Pensa que o seu fillo / a súa filla fai un uso abusivo das novas tecnoloxías?**

- SI
- NON

**6. Controla vostede os tempos<sup>(1)</sup> de conexión do seu fillo / filla?**

- SI
- NON

**7. Controla vostede os contidos<sup>(2)</sup> de conexión do seu fillo / filla?**

- SI
- NON

**8. En caso de que o seu fillo ou filla non puidera asistir á clase, estaría acompañado e supervisado por un adulto para a realización de tarefas escolares?**

- SI
- NON

(1) uso de madrugada, moitas horas con dispositivos móbiles etc...

(2) ciberodio; bullyng; contidos dixitais inapropiados; tipo de fotos ou publicacións que fai o / a alumno/a etc...

### APARTADO PARA O / A ALUMNO/A





**9. En canto ó uso activo que fas coas ferramentas tecnolóxicas, que sabes facer?**

- sei facer edición de vídeos.
- sei facer edición de audio. (podacast, etc....)
- sei manexar o correo electrónico.
- sei manexar algunha aplicación como Canva, Genially etc....
- sei facer presentacións con power-point ou presentacións de Google
- outras: .....

**10. En canto ó uso pasivo que fas coas ferramentas tecnolóxicas, que soes facer?**

- usar as redes sociais (instagram, tik-tok etc...)
- consumo de plataformas dixitais (tipo Netflix / HBO etc...)
- vídeo-xogos
- outras: .....

**O curso pasado viviches unha situación de confinamento . Que actividades che gustaron máis nese período e con cales cres que aprendiches mellor?**